




Algúns topónimos das parroquias de Sabucedo, Liripio, Codeseda e Souto

Fernando Cabeza Quiles

No lugar chamado *Sabucedo* do concello da Estrada, como noutros moitos do mesmo nome, houbo un conxunto máis ou menos grande do arbusto chamado sabugueiro ou bieiteiro, en castelán *saúco*, planta á que tamén se refiren os topónimos *Sabucedo*, *Sabugos*, *Sabugal*, *O Sabugal*, *Sabugueira*, *Sabugueiro*, *Sabugueiros*, *Sabugueiras*, *Sabuguedo*, *Sabuguido*, *Sabugoso* e *Sabugosos*. O de *Sabucedo*, vén da palabra latina *sabucetu(m)*, formada pola palabra *sabucu(m)* (variante vulgar da forma do latín clásico *sambucu(m)*) o nome latino da planta e *-etu(m)*, sufixo abundancial, que hoxe se converteu na terminación *-edo* de *Sabucedo*.

Verbo de *Liripio*, nome da freguesía estradense lindante polo norte coa parroquia de Sabucedo, non temos, polo de agora, explicación sobre a súa etimoloxía e significado, mais si para o da súa aldea chamada *A Canda*, que é un topónimo prerromano, probablemente de procedencia celta con referencia á cor branca dalgún accidente natural do lugar, que pode ser unha rocha ou a coloración do chan. Así, dunha base **cand/*cant*, que primeiro significaría “rocha, pedra”, despois “rocha branca” e por último “cor branca”, saíu o topónimo *A Canda*. O devandito tema prerromano **cand/*cant* pasaría á voz latina *candere*, “branquear, dar luz, brillar”, de onde

virían vocábulos como os de “candil”, “candela (de alumear)”, “trigo candeal (trigo que dá unha fariña moi branca)”, e mesmo a palabra española *cándalo*, igual a “póla seca de árbore (e branca)”; palabras ás que compre engadir o adxectivo “cándido”, que de “branco”, nun último salto ou extensión audaz de sentido, pasou a significar “sen malicia”. Ao respecto, aínda que os “candidatos” a un cargo político non son, evidentemente, cándidos, deben o seu nome á toga branca, símbolo de pureza, que usaban os primixenios candidatos romanos que aspiraban a algún cargo público. Abandonando o lugar estradense da *Canda*, que ocupa un lugar alto onde non fomos quen de atopar a realidade de cor branca que proclama o topónimo, que puido ser unha gran pedra ou rocha, un pedregal ou mesmo un vexetal, chegamos ao lugar de *Cabanelas*, diminutivo de “cabana”, vocábulo que malia ser explicado polos dicionarios de galego como procedente do latín serodio *capanna(m)*, pensamos que esta voz puido chegar ao latín dende o celta, se reparamos en correspondencias desa palabra en linguas actuais desa familia, como a voz galesa *cab* e a irlandesa *cábán*, ambas as dúas co significado de “cabana”. A este respecto, do gran diccionario etimolóxico de Corominas e Pascual recollamos que: “No es improbable (a voz “cabana”) que sea de origen céltico, como admite Jud, *ARom.* VI, 206, pues el sufijo *-anna* tiene este origen” (Corominas-Pascual, 2000, voz *cabaña*, t. 1: 709). Sexa como for, parece seguro que máis ca a un habitáculo para viviren as persoas, o topónimo *Cabanelas* da parroquia estradense de Liripio, se refire a unha pequena construción para gardar útiles de labranza. Verbo de *Carballo*, nome dun lugar da mesma parroquia, é un topónimo de significado transparente, que nos fala da antiga presenza no lugar dun *quercus robur*, tipo de carballo moito máis frecuente nesta zona de Galicia có *quercus pyrenaica* ou carballo cerquiño. Do topónimo *A Igrexa* só dicir que vén do latín *ecclesia(m)*, “assemblea, reunión (de fieis)”, e que sinalará o lugar onde está a igrexa. Verbo de *Quinteiro de Arca*, provén da voz do latín serodio *quintanario*, e débese referir, polo que di un documento do ano 1007, a uns antigos



Codeseda é un abundancial da planta chamada codeso.

terreos pechados que formaban parte dunha casa á que estaban unidos. Así, no devandito documento cítase unha casa e o seu “quintanario”: “cum sua casa et suo quintanario” (Andrade, 1995, t. 1: 282). *Quinteiro* tamén pode aludir a un quinteiro na súa acepción máis moderna de “conxunto de varias casas que forman un grupo separado dentro dunha aldea”; sentido que, como o anterior, parte da idea significativa de quinto ou quinta parte dun terreo agrícola ou a mesma fracción dunha colleita que os arrendatarios pagaban ao propietario dunha superficie agrícola, aínda que nos preferimos a primeira posibilidade de “quinta parte dun terreo ou herdade”; división de agrimensura agrícola de onde saíría a idea de terreo pechado, casa de campo e demais realidades nas que está presente a idea de terreo agrícola (ou non) pechado, casa con terras, praza, cemiterio, etc. Se o topónimo *Quinteiro de Arca* nomea un espazo agrícola pechado ou un poboamento rural de tipo agrícola, no lugar de *Xestás*, de *genes-tales*, plural do latín vulgar *genesta(m)*, houbo un conxunto ou agrupación de xestas.

Pasando á límite parroquia de *Codeseda*, vemos que este topónimo é un abundancial en *-eta(m)* da planta arbustiva chamada codeso, en latín **cutissu*, leguminosa silvestre á que tamén se refire

o topónimo da mesma freguesía *O Codesal*, que é outro abundancial, pero en *-ale*, hoxe *-al*. A un conxunto de bugallos tomados na súa acepción de excrecencias redondas do carballo alude tamén o topónimo abundancial, antes en *-aira*, hoxe *-eira*, *Bugalleira*; lugar onde antano habería moitos bugallos dos carballos amontoados ou estrados polo chan, quizais para seren usados con algunha utilidade, como pode ser para a fabricación de tinguiduras. Ao respecto dos bugallos, lembramos que de nenos, nas frías mañás de inverno e comezos da primavera, xogabamos nos recreos do vello grupo escolar “José Antonio” da Estrada ao gua utilizando, a falta de verdadeiras bólas de cristal ou de barro, pequenos bugallos ou bugallas de carballo. Na parroquia de San Xurxo de Codeseda tamén hai un lugar chamado *A Agrela*, mal grafado en publicacións como *A Grela*, con falsa segmentación, xa que *Agrela* é diminutivo en *-ela* da voz agra en alusión a unha agra ou extensión de terreo agrícola de pequeno tamaño. Para explicar o topónimo *O Arnado* cómpre partir dunha base quizais indoeuropea **arn* ou **arna*, “concaidade, caixa ou leito dun río”, “depresión fluvial”, tipo de orografía que convén á perfección ao lugar estradense chamado *O Arnado*, o cal ocupa, segundo puidemos comprobar, un pequeno fondal ou caixa orográfica por onde corre o río Umia. De *Barro*, dicir que se trata dun topónimo que quizais non sexa o que parece a primeira vista, pois máis que o elemento natural chamado barro, pode aludir a un lugar moi pedroso ou alto, circunstancia, a segunda, que se corresponde coa realidade do lugar. Así, *Barro* pode provir dunha palabra prerromana **bar*; “altura”, a cal, á súa vez, pode estar relacionada en menor ou menor grao coa gala *barro*, “altura, rocha”; publicada en Francia por autores como Rostaing e Dauzat, quen tira dela topónimos como o de *Barre*, que pode recoller un significado similar ao galego *Barro*. Verbo das *Bouzas*, topónimo que pode provir da voz céltica **balcea* (ou de *balsa*), fai referencia a unhas bouzas ou terreos incultos cheos de toxos, xestas, etc. O *Coto*, topónimo moi antigo, procede dunha base prerromana **cott*, “altura rochosa”. Os *Currelos*, diminutivo da



O lugar do Arnado na súa caixa fluvial.

voz “curro”, debe facer referencia a pequenos curros, isto é, a pequenas construcións agrícolas circulares e descubertas para usos agrícolas ou gandeiros. A *Devesa*, procedente do latín (*terra*) *defensa*, “terra coutada”, “terra cercada”, sinala antigas devesas ou grandes fincas pechadas (Cabeza Quiles, 1992: 182). *Filgueiras*, do latín *filicarias*, alude a un terreo abundante en feitas ou feitos. Para *Fontenlo*, de *fontanello*, diminutivo latino de *fonte(m)*, hai que pensar na antiga e/ou actual presenza dunha pequena fonte ou manancial no lugar. *Fragoso*, abundancial en -oso de *frangere*, “romper”, máis ca a un lugar fragoso abundante en árbores e plantas, refírese a un emprazamento accidentado cheo de pedras máis ou menos fracturadas; o que se corresponde coa realidade deste lugar chamado *Fragoso*, cuxas casas están construídas, segundo puidemos comprobar e fotografar, entre grandes rochas e penedos. Así, un topónimo parecido ao galego *Fragoso* é o de *Monfragüe*, coñecido parque natural da provincia de Cáceres, formado, segundo tamén puidemos verificar, por abundantes escarpes, riscos e pedreiras desprendidas e rotas; de aí que o verbo latino *frangere*, “romper”, entre na composición de topónimos como o extremeño *Monfragüe* e os galegos *Fragoso* e *Fraga*, o cal,



Penedos entre as casas de Fragoso.

aínda que tamén aluda a sitios boscosos con carballos, etc., nun principio debeu nomear penedías ou quebradas fragosas no sentido de seren moi pedrosas, emprazamentos sobre os cales despois crecerían os bosques chamados fragas (Cabeza Quiles, 2000: 194). Na parroquia estradense de Codeseda, onde hai que suar para atopar e identificar as súas aldeas, porque a sinalización toponímica brilla pola súa ausencia, tamén existe un lugar chamado *Insuela*, diminutivo do latín *insua*, “illa, terra rodeada de auga, etc.”, que pode facer referencia neste caso a unha pequena illa fluvial ou, cremos que é a mellor posibilidade, a un pequeno territorio rodeado polo meandro ou curva dun río ou regato ou por dúas correntes fluviais, unha principal e outra afluente, as cales, se ben non de maneira total, illan un territorio dándolle forma e fasquía de *insua*. Verbo da aldea de nome *Monteagudo*, de *monte(m) acutu(m)* ou agudo, recibe o seu apelativo dun monte de cume moi agudo que ten ao seu carón; o que non sucede co topónimo *O Outeiro*, de *altariu(m)*, que nomea un lugar alto de cume moito máis suave e redondeado. A *Portela*, de *portella*, derivado de *porta*, pode referirse a unha portela ou pequeno paso natural situado entre dous lugares máis altos ou á portela dunha finca. As



O agudo monte de Monteagudo.

Quintas, de *quintus-a-um*, é un topónimo parecido ao devandito de *Quinteiro* da parroquia de Liripio, e alude a grandes superficies agrícolas que pagaban a quinta parte das colleitas aos señores ou mosteiros correspondentes ou referirse á quinta parte dun terreo ou herdade; significados que despois derivaron nos de “casa de campo con terras”, “terras sen casa” e demais realidades nas que estea presente a idea de terreo chairo e pechado ou delimitado, preferentemente agrícola. Ao adxectivo *sacrata(m)* refírese o topónimo *A Sagrada*, que debeu acompañar un substantivo de xénero feminino hoxe desaparecido en alusión a un antigo lugar sagrado ou de culto, logo cristianizado, como sucede, por exemplo, cos topónimos galegos *A Fonsagrada* (con redución de *-te*) e *Fonte Sagrada*, que aluden a fontes sagradas de augas medicinais e/ou carismáticas; ou o coñecido *Picosacro* próximo a Santiago, que se refire á antiga sacralidade deste monte; idea que tamén está presente nos topónimos menos transparentes *Montejícar* (Granada) e *Montejaque* (Málaga), ambos os dous, segundo V. García de Diego, co significado de “monte sagrado” (García de Diego, 1989, voz *sacer-cri*: 944). A unha “vila boa” refírese *Vilaboa*, topónimo propiciatorio ou propagandístico (se non fose

medieval parecería o anuncio dunha inmobiliaria), seguramente creado para atraer poboación. Verbo do topónimo *Xubrei*, ten todo o aspecto de esconder o nome persoal dun antigo posesor ou terratenente agrícola da Idade Media e ser similar na súa terminación a nomes de lugar coma *Forcarei*, *Sixirei*, *Recarei*, *Asorei* etc., que proveñen de xenitivos de posesores de apelativos xermánicos orixinalmente rematados en *-edi*, ou, mellor en *-redi* (gótico **reths*, “conse-llo”), que perderon o seu *-d-* intervocálico. Así, Piel e Kremer na súa *Hispano-Gotisches Namenbuch* explican o topónimo *Xobrei* (versión de *Xubrei* coa vogal aberta) como procedente na súa primeira parte de *Sig(is)-* ou *Seg-* (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 422).

Abandonando polo oeste a extensa parroquia de Codeseda e internándonos na limítrofe de *Souto* batemos con este topónimo, que nos fala dun conxunto ou dun bosque de castiñeiros ao provir da voz latina *salu(m)*, “paso estreito entre montañas, rexión forestal ou bosque situado nun desfiladeiro”; emprazamentos onde crecerían os primeiros soutos, aínda que o antigo souto ou conxunto de castiñeiros que denuncia o topónimo estradense *Souto* puido ocupar un territorio menos abrupto. Verbo de *Cortegada*, nome doutro lugar da parroquia de Souto, cómpre retraelo a unha forma do latín serodio igual a *corticata*, derivada do latín vulgar *corte(m)*, e este do clásico *cohort(em)*, en referencia seguramente a unha explotación agrícola de época medieval pechada sobre si. De *Montillón de Arriba* e *Montillón de Abaixo* dicir que debe ser un derivado de monte, en latín *mons-montis*. *San Torcado* alude ao santo chamado Torcado ou Trocado, do latín *Torquatus*, que significa “o que leva o colar celta chamado torque”. Así, nun principio este nome persoal debeu ser un alcume ou cognome da *gens Manlia*. Segundo a tradición, Tito Manlio, guerreiro romano, loitou cun xigantesco soldado galo ao que venceu e arrebatou o seu torque de ouro para poñelo no seu colo; de aí *Torquatus* ou Torcado, é dicir, o portador de torque (Ferro et alii, 1992, voz *trocado*: 509). Verbo do topónimo *A Somoza* (hai outro dous lugares así chamados no concello da Estrada), debe pro-



A Somoza, so ou debaixo do monte Coto.

vir do sintagma latino **submontia*, con perda da nasal *n* perante a prepalatal procedente do grupo *ty*. Así, na deriva fonética **submontia* daría o actual *Somoza*, logo *A Somoza*, que significa “(lugar) debaixo (*sub*) do monte (*montia*)”, o que se corresponde coa realidade do emprazamento así chamado situado, segundo comprobamos, so ou debaixo dun monte chamado O Coto, coherencia entre topónimo e lugar nomeado que se dá noutros lugares galegos chamados *Somoza*, *A Somoza* e *Somozas* (Cabeza Quiles, 1992: 457). Dende o punto de vista documental a preposición latina *sub*, “so, debaixo de” aínda aparece semicompleta nun texto non galego do ano 1071: “in illa terra de Sumontia” (Álvarez Mourín, 1994: 133). E noutro documento galego do ano 1218 aparece unha “villa de Montiam” (López Ferreiro, 1998, (edic. facsím): 399). De *Torreborado* pensamos que pode ser un topónimo composto dos de **Torre* e **Reborado*, o primeiro de obvio e transparente significado e **Reborado*, abundancial en *-etu(m)*, despois *-edo*, de *robur*, a palabra latina para designar o carballo *quercus robur* (Cabeza Quiles, 1992: 498), aínda que o topónimo **Reborado*, de *roburetu(m)*, neste caso concreto, no canto de a unha carballeira, pode referirse a un indivi-

duo apelidado *Reboredo*. Finalmente, o lugar chamado *A Toxeira*, de significado comprensible e transparente, debeu estar rodeado no momento do nacemento do nome, de campos cultivados para que resaltase a súa característica de lugar a monte con toxos e se producese o topónimo.

Bibliografía

- ÁLVAREZ MAURÍN, M. DEL P., 1994. *Diplomática asturleonese, terminología topográfica*, Universidad de León.
- ANDRADE, J.M., 1995. *O Tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*, t. 1, Consello da Cultura Galega.
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Toxosoutos, Noia.
- COROMINAS, J. e PASCUAL, J. A., *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, t. 1, Gredos, Madrid.
- FERRO RUIBAL, X. et alii, 1992. *Diccionario dos nomes galegos*, Ir Indo, Vigo.
- GARCÍA DE DIEGO, V., 1989. *Diccionario etimológico español e hispano*, Espasa-Calpe, Madrid.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1998, (edic. facsím), “Colección diplomática” e “Estudios”, *Galicia histórica*, Edicións do Cerne.
- Nomenclátor de Galicia, Pontevedra*, 1998, Xunta de Galicia.
- PENSADO, J. L., 1999. “Estudio preliminar” en P. Sarmiento, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, t. 1. Edición y estudio por J. L. Pensado, Fundación Pedro Barrié de la Maza.